

NOTA: Irei subindo, ós poucos, os solucionarios do resto das actividades

## LINGUA

### ACENTUACIÓN

**Exercicio 9. Reescribe as seguintes oracións poñendo, cando sexa necesario, os tiles.**

Díxenlle que estaría con el ás tres da tarde  
Cómpre facer máis exercicios de acentuación  
Dáme a impresión de que estades un pouco cansos  
Foi á tenda mercar unha bola de pan  
Ela é máis alta cós da súa clase  
A pola vai pola póla da árbore  
Eu ben o vin, mais non falei con el porque levaba présa  
Só che digo que cando o vin estaba so a árbore  
Vó-los dous viredes con nós ó cine  
Vou pór a mesa antes de que veñan  
Que che apetece? Un té?  
Se non ves ben, terás que ir ó oculista  
Se non vés con nós, non nos volvas falar  
Non lle dá ningún, aínda que ten unha presa na man  
Teño un nó na gorxa que non me deixa comer  
El vive na Terra Chá  
Ó escapar do oso, rompeu un óso do pé esquerdo  
Botouno fóra da casa

### SINTAXE: MODALIDADES ORACIONAIS

#### Exercicio 1

**Indica a modalidade oracional de cada enunciado.**

Non saíades ata que toque o timbre → exhortativa.  
Póñame tres quilos de mazás → exhortativa.  
Quizais vaia mañá ó cine → dubitativa.  
Que hora é? → interrogativa  
Dime cantas libretas queres que traia → interrogativa.  
Está chovendo moito → enunciativa.  
Vaia día levo! → interrogativa.  
Oxalá poida ir ver esa película → desiderativa.  
Volveu xa o teu irmán de Londres? → interrogativa.  
Seica mercou coche novo → dubitativa.  
Talvez lle dea hoxe o regalo → dubitativa.  
Estuda → exhortativa.  
Tes que volver cedo → exhortativa.

#### Exercicio 2

**Debes ter en conta que os diversos matices oracionais non se exclúen, polo que nunha mesma oración pode responder a modalidades diferentes. Ex.: *Estuda!* (exhortativa e exclamativa).**

**Indica agora as dúas modalidades que observas en cada enunciado:**

Cala dunha vez! → exclamativa e exhortativa/imperativa  
Chegarei a tempo? → interrogativa e dubitativa  
Oxalá aprobé todo! → exclamativa e desiderativa  
Fai o favor de vir aquí! → exclamativa e exhortativa  
Queres deixar o can tranquilo? → interrogativa e exhortativa  
A comer! → exclamativa e exhortativa.

#### Exercicio 3

**Transforma as oracións enunciativas positivas en negativas, cambiando todos os elementos necesarios.**

**Exemplo: Queren algún día máis de vacacións: Non queren ningún día máis de vacacións.**

Están buscando algún libro para ler: Non están buscando ningún libro para ler

Por aí pasou alguén: Por aí non pasou ninguén

Ti come e deixa comer: Ti nin/non comes nin deixas comer

Sempre vai á praia os domingos: Nunca vai á praia os domingos  
Mírao agora: Non o mires agora  
Helena aínda vive en Baralla: Helena xa non vive en Baralla  
Leva consigo todo o que ten: Non leva consigo nada do que ten/todo o que ten  
Quéroo mercar hoxe: Non o quero mercar hoxe  
Uxía xa chegou á casa: Uxía aínda non chegou á casa

#### **Exercicio 4**

##### **Clasifica as seguintes oracións interrogativas**

Quixera saber canto vai custar isto → indirecta e parcial  
Quero saber se vén mañá Sabela → indirecta e total  
Que tal estás hoxe? → directa e parcial  
Traballaches moito esta semana? → directa e total  
Dime cantos anos tes → indirecta e parcial  
Pregúntoche se o coñeces → indirecta e total  
Cóntame o que che pasa → indirecta e parcial  
Onde estarán as maletas? → directa e parcial  
Preguntoulle que quería tomar → indirecta e parcial  
Por que lle diría iso? → directa e parcial.

#### **Exercicio 5**

##### **Completa os ocos con interrogativos**

De onde/quen... es ti?  
Quen/cando... te foi avisar?  
Por que/como... non quixeches vir?  
Con que/cal instrumento traballarás esa madeira?  
Cando/como... rematou a película?  
A que vés ti aquí?  
Dime por que/como... o queres saber.  
Cóntalle onde/cando... gardaches a caixa.  
Canto lle custou a moto?  
Preguntoulle cantos anos tiñas  
De todos estes, cal/cales... queres?  
Para onde/que... vas agora?  
Explícame por que/cando... o colliches sen permiso

#### **Exercicio 6**

##### **Transforma estas interrogativas directas en indirectas.**

**Ex.: Estás aí? –preguntou Lucía → Lucía preguntou se estaba aí.**

A rapaza preguntou: rematastes? → a rapaza preguntou se rematarámos.  
Belén preguntou: farán ben os exercicios? → Belén preguntou se farían ben os exercicios.  
-Prefires o lapis ou o bolígrafo? – preguntou Roberto. → Roberto preguntou se prefería o lapis ou o bolígrafo.  
Que imos comer hoxe? - quixo saber Anxo → Anxo quixo saber que íamos comer hoxe.  
Onde estaba vostede esa noite? – intentou averiguar o policía → o policía intentou averiguar onde estaba vostede esa noite.

#### **Exercicio 7**

##### **Fíxate no sentido das perífrases e complexos verbais, e indica cal sería a modalidade oracional.**

É moi forte, pode levantar ese peso sen problemas → enunciativa.  
O pavillón pode ter capacidade para unhas cincocentas persoas → dubitativa.  
Xa deben de ser as oito → dubitativa  
Debes ir xa recoller o neno ó colexio → exhortativa  
Hai que estudar un pouco esta tarde → exhortativa  
Tes que pintar esa parede → exhortativa  
Aí debe haber cinco ou seis vasos → dubitativa  
Agora mesmo, pode levar dúas horas conducindo → dubitativa  
Podo correr unha hora máis, non estou cansa → enunciativa

# HISTORIA E SOCIOLINGÜÍSTICA

## DESVÍOS DA NORMATIVA: CASTELANISMOS

### Sopas de letras

Alimentación: ameixa, coello, leituga, poexo, oliva, pescada, anguía, lura, friame, macela, marmelo, sobremesa, torta

Corpo humano: pescozo, xeonllo, cairo, nocello, empeña, esterno, pulso, coxa, caluga, pálpabra, ril

Flora: bidueiro, papoula, caravel, sobreira, salgueiro, margarida, nogueira

Enfermidades e menciñas: frieira, xarope, vacina, cambra, escordadura, calafriño, retorzón, xarampón

### Escribe a palabra correcta correspondente a estes castelanismos

Alcantarilla – sumidoiro // Cucaracha – cascuda // Apodo – alcume // Estornudar – esberrar // Bisutería – bixutería // Manillar – guiador // Rincón – recuncho // Estuche – estoxo // Veleta – cataventos // Desnudar – espir // Desarrollar – desenvolver // Gajo – esgallo // Rompecabezas – crebacabezas // Fecha – data // Cumpleaños – aniversario // Tenedor – garfo // Cucharilla – culleriña // Acera – beirarrúa // Afición – afección // Almohada – almofada // Aiunar – xaxuar // Grúa – guindastre // Ponente – relator // Guisante – chícharo // Barniz – verniz // Racimo – acio // Brújula – compás // Camilla – padiola // Sabañón – frieira // Mármol - mármore

### É habitual que se empregue un castelanismo para referirse a estes obxectos; escribe ti o termo galego correcto:

Correctas: cunca, anzol, bésta, culler, mastro, billa, vasoira, peite, lámpada, lesma (ou limacha, limaco), axóuxere, buxaina

### Indica a opción correcta:

Ceder ou tomar unha cousa por diñeiro durante un tempo determinado.

Alquilar – **alugar**- vender - alegar

Froito do carballo, da aciñeira e da sobreira, de forma oval, cuberto por unha casca dura e unido á árbore por unha especie de caparucho que o cobre pola parte de atrás.

Bellota – **landra**- lontra - billa

Aparello eléctrico que transforma o sinal eléctrico que recibe en ondas sonoras audibles a distancia.

Altavoz – **altofalante** – altoparlante – megáfono- embude

Cama de neno pequeno, que xeralmente se pode abanar.

Cuna – **berce** – camastro – verce

Banco pequeno feito en carpintaría, de tres ou catro patas e sen respaldo, que serve de asento para unha persoa.

Taburete – **tallo** – sela - sillín

Tipo de rocha branda formada por sedimentación, de diversas cores e texturas segundo as variedades, que se desfai con facilidade e que, mesturada con auga, forma unha pasta que endurece ao cocela.

Arcilla – **arxila** – enxiva - xenxibre

Axuda económica que recibe unha persoa para estudar ou investigar. Beca – **bolsa** – crédito - póliza

Notificación sobre a morte dunha persoa, especialmente a que se publica nos xornais.

Esquela – **necrolóxica** – anuncio - bando

Líquido composto de auga no que están disoltos álcalis ou sales alcalinos e se emprega para branquear a roupa e a limpeza e desinfección en xeral. Lexía – **lixivia** – lixibia - lixía

Vaso de madeira, metal, coiro, plástico etc., utilizado en certos xogos, como o parchís, os dados etc.

Cubilete – **gobete** - caldeiro

Lugar apropiado para esconder algo ou para esconderse alguén.

Escondite – **escondedoiro** - agochadoiro

### Adiviña o termo galego correcto:

Alfiler – alfinete // Adeudar – adebedar // Golondrina – andoriña // Huella – pegada // Ardilla – esquío //

Aplastar – esmagar // Camilla – angarellas // Chaparrón – balón // Limosna – esmola // Destrozar – esnaquizar

### **Reescribe os seguintes enunciados eliminando os castelanismos**

A doutora dixo que tiña que xaxuar para facer a analítica, así que non podo almorzar pola mañá; supoño que ó mediodía xantarei ben.

Teño que ir ó taller arranxar os amortecedores do coche; como tarde moito vou ter que chamar o guindastre para que o leve.

Hai lixo na rúa porque os varredores están en folga.

Ese home é moi laretas, sempre anda a inmiscirse na vida dos demais e bisbando cos amigos.

Púxose de crequen as para coller o lapis e case lle cae a cadeira encima.

Agora teño que desaparafusar ese moble para cambialo de sitio.

Caeu no barro e ficou todo enzoufado.

Faise unha avaliación cada trimestre e dannos as cualificacións, pero na universidade as materias adoitan ser cuadrimestrais.

Díxome que o faría canto antes.

A súa afección é viaxar, o seu último destino foi Alemaña, onde, por certo, o avión tivo certos problemas para aterrar.

Agora ten pensado ir a Alacante e, despois, visitar o arquipélago canario, que son lugares máis calorosos.

Con tanta viaxe vai acabar esgotado!

O bar está completamente baleiro, non hai ninguén.

Déronlle unha bolsa para que continuase os estudos.

Este ano o profesor da materia de Educación Física é tamén o adestrador do equipo da vila.

Para ir á voda, mercou un traxe con moitos abelorios.

### **A continuación, tes unha parella de palabras: a primeira é o castelanismo e a segunda é a correcta; clasifícaos en castelanismos ortográficos, morfolóxicos ou léxicos.**

Ortográficos: barrer – varrer / maravilla – marabilla / húmero – úmero / armonía – harmonía / cobarde – covarde / abogado – avogado / boda - voda

Morfolóxicos: o ponte – a ponte / a sangue – o sangue / controles – controis / a masacre – o masacre / leises - leis

Léxicos: antorcha – facho / disfrutar – gozar / duda – dúbida / encuesta – enquisa / tornillo - parafuso

### **Localiza e corrixe os castelanismos nas formas verbais:**

- Comeu toda a torta e despois aínda foi quen de beber unha boa cunca de café.
- Dixo que o seu tío morrera dunha enfermidade sen cura.
- Ía ir onte, pero ó final non tiven tempo.
- Sentei neste banco porque estaba moi cansa.
- Para chegar cedo, conduciu toda a noite.
- Lembras cando iamos todos os veráns á praia?
- Polo visto produciuse un grande terremoto nese país.
- Marchou da casa por problemas cos seus pais.

### **Aquí tes uns castelanismos “disfrazados”, escribe a forma correcta:**

parella, lonxe, mortalla, lentella, cella, gargallada, concelleiro/a, antollo, laranxa, baralla, partilla, pegañento/ pegañoso, toro, gaiola, almorzo, vantaxe, compás, tesoiras, cágado, maniotas

### **Cuestión de tiles: sinala os castelanismos e os termos correctos.**

Correctos: acne, auréola, ciclope, petróglifo, conclave, rubéola, omoplata, elite

### **Cuestión de letras I: completa as seguintes palabras.**

assemblea – asasinar - cativar – vulto – estraño – covarde – batedora – véspera - cranio – crista

### **Cuestión de letras II: completa as seguintes palabras.**

avespa – cerimonia – arquivo – labirinto- graxa – varrer – monstro – corrixir –debuxar – marabilloso

**En cada serie hai 5 palabras correctas e 5 castelanismos; localiza as correctas e ordénalas alfabeticamente.**

**SERIE 1** mármore, maullar, **retrouso** nutria **cueiro** pasillo **zoupón** pegatina **couza** porche

**SERIE 2**matogueira, mezcla **grella** patoso **chanzo** picotear **soportal** pudrir **laión** racimo

**SERIE 3**matorral, **mestura** pañal **corredor** polilla **acio** renglón **esvaradizo** trineo **situar**

**SERIE 4**miañar, muletilla **adhesivo** peldaño **podreecer** resbaladizo **riscar** terciopelo **zorra** ventanilla

**SERIE 5** mármore, lontra parrilla **peteirar** queixica **liña** tachar **veludo** ubicar **portelo**

**Completa coa expresión correcta:**

- O asasino disparoulle a queimarroupa / a bocaxarro
- Estaba claro que non tiña medo, xa que, en canto o viu fíxolle fronte /plantoulle cara
- Agora xa non chegamos a tempo, así que pararemos para descansar: de morrer, morrer cheo! / de perdidos ó río
- Non para de falar; estou ata as orellas, ata a coronilla, ata os narices
- Revisou o documento e asinou o visto e prace / visto bo
- Dixo que era algo urxente, que tiña que falar con el como sexa / a toda costa
- Co tempo / á larga acabarán facendo as paces
- Cando llo preguntaron non deu fala / dixo nin pío
- Farei estes exercicios, pero de mala gana / a regañadentes
- Na praza vendía os produtos da súa horta polo miúdo / ó por menor

**Imos localizar algúns castelanismos deste vídeo:**

- Bo día, bos días
- Esto, isto
- Más, máis
- Carretera
- Estrada
- Jabalí
- Imos a preparar
- Pastel, biscoito, torta
- froitos
- naturais, naturais
- helado, xeadado
- especiais
- especiais
- bueno
- conxelada

## **DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA**

### **Exercicio 1**

#### **Ben falado!**

**Nestes vídeos faise referencia á diversidade lingüística no mundo; despois de velos, deberás responder unhas preguntas ó respecto.**

**VÍDEO 1. Por que se di que a lingua inupiaq de Alasca é unha lingua en perigo?**

Porque só ten uns 1500 falantes

**VÍDEO 1. No vídeo menciónase unha lingua que é cooficial, xunto co portugués, en Portugal; cal é?**

Mirandés

**VÍDEO 1. Por que a comunidade kurda está repartida en diferentes países (Irán, Iraq...)?**

Os recursos naturais (concretamente o petróleo) provocaron que distintos países

**VÍDEO 1. Cal será o significado de “lingua nativa”?**

Primeira lingua que aprende unha persoa, coa que comeza a comunicarse

**VÍDEO 1. Que quererá dicir que Chile, Perú e Bolivia queiran “normalizar” o aimará?**

Que pretenden que se use, neses países, normalmente; como o castelán

**VÍDEO 1. Dise no vídeo que en Francia hai nove linguas vivas, que significa isto?**

Que existen persoas que as coñecen e as usan.

**VÍDEO 1. Por que se di que o hebreo era unha lingua morta?**

Porque se deixou de usar durante séculos

**VÍDEO 2. Que son as linguas indíxenas?**

Linguas dos pobos orixinarios dun lugar antes da súa colonización ou que, despois dela, seguiron conservando a súa identidade

**VÍDEO 2. En que país acaban de ser recoñecidas as seguintes linguas indíxenas: quechua, aimará, uro, culle, muchick?**

Perú

**VÍDEO 2. En que país podemos atopar falantes de umbundu?**

Angola

**VÍDEO 2. Ademais do inglés, cantas linguas se falan en EEUU?**

303

**Exercicio 2**

**Aquí tes unha serie de conceptos do campo da sociolingüística que deberás empregar para encher os ocios. Fíxate ben no sentido dos textos.**

**cooficialidade - substitución lingüística - en perigo - monolingües - materna - minorizada - transmisión - dominante - vasco - inicial - transmisión xeracional - galegofalantes**

Texto 1: minorizada, dominante, cooficialidade

Texto 2: en perigo, transmisión, vasco, materna

Texto 3: transmisión xeracional, inicial

Texto 4: monolingües, galegofalantes, substitución lingüística

**Exercicio 3**

**A ver se consegues dar con algúns termos máis de sociolingüística**

Maoritaria: Dise da lingua que comparte territorio con outra ou outras, e é a falada por maior número de persoas.

Minoritaria: Dise da lingua que comparte territorio con outra ou outras, e é a falada por un menor número de persoas.

Minorizada: Lingua que, no seu territorio, goza dun menor prestixio ca outra.

Maorizada: Lingua que comparte territorio con outra, e que goza dun maior prestixio (lingua hexemónica).

Diglosia: Situación dun individuo ou comunidade que utiliza dúas linguas, cando unha das cales, polo xeral a lingua inicial, é considerada inferior á outra, e a lingua con máis prestixio se utiliza nas relacións sociais máis elevadas ou formalizadas.

Bilingüe: Persoa que fala dúas linguas.

Extinguída: Dise dunha lingua que xa desapareceu.

**Exercicio 4. Linguas Europa**

**Indica que lingua se fala nos países sinalados. Cada acerto suporá dez segundos máis.**

**Exercicio 5. Linguas América**

**Agora toca o continente americano; indica a lingua que se fala nos países sinalados. Ten en conta que, case sempre, conviven varias linguas nun mesmo territorio.**

**Exercicio 6. Linguas África**

**Como nos exercicios anteriores, deberás indicar a lingua que se fala nos países sinalados. Ten en conta que, case sempre, conviven varias linguas nun mesmo territorio.**

**Pista: estas linguas fálanse en Túnez, Exipto, Sudáfrica, Angola, Nixeria, Etiopía, Somalia, Tanzania.**

**Exercicio 7. Linguas Asia**

**Sinala, no mapa, onde se falan as linguas indicadas. Ten en conta que, case sempre, conviven varias linguas nun mesmo territorio.**

**Exercicio 8. Linguas Estado español.**

**Sinala as linguas e dialectos do Estado español.**

### **Exercicio 9. Aforcado.**

#### **De que idioma falamos?**

Alemán: é a lingua xermánica máis falada despois do inglés, e un dos idiomas oficiais da Unión Europea.  
Catalán: lingua románica falada nalgúns territorios de España e, ademais, é a lingua oficial de Andorra.  
Tamén se fala en Francia, onde non ten un recoñecemento oficial.

Éuscaro: lingua falada en partes do territorio español e francés, da que non se sabe con certeza a orixe, pero que, en calquera caso, non procede do latín.

Ruso: lingua eslava oficial en Bielorrusia, Kirguizistán, etc., pero tamén se fala en Ucraína, Mongolia e noutros países que constituíron a URSS.

Árabe: oitavo idioma máis falado do mundo e única lingua oficial en vinte países, ademais de ser cooficial noutros. É a lingua litúrxica do islam.

Friulano: lingua románica falada, sobre todo, na rexión italiana do Friul.

Amerindias: así se denomina ás linguas indíxenas de América.

Saami: así se chaman as linguas faladas na zona máis setentrional de Europa, concretamente en Laponia, que se estende desde Suecia central ata a Península de Kola, en Rusia.

### **Exercicio 10**

#### **Aquí temos monumentos característicos de diferentes países; debes unilos coa lingua que se fala nes lugares.**

Coliseo: italiano

Torre Eiffel: francés

Cristo de Río: portugués

Catedral de Santiago: galego

Ponte da Torre de Londres: inglés

Pirámides de Exipto: árabe

Chichen Itzá: maia

Gran Muralla Chinesa: chinés

Museo Guggenheim: éuscaro

Catedral de San Basilio: ruso

Acrópole de Atenas: grego

Sagrada Familia: catalán

### **Exercicio 11. A diversidade lingüística en gráficos**

#### **Observa os gráficos e sinala as afirmacións correctas**

No continente europeo é onde hai menos diversidade lingüística

Asia é o continente con maior número de linguas

Malia a grande cantidade de linguas amerindias, América non é o continente con maior número de linguas

O inglés é usado por máis de seiscientos millóns de persoas en Internet

O español é a terceira lingua máis usada na rede

Non sempre hai correspondencia entre linguas máis faladas e linguas con máis presenza en Internet

O portugués é unha das dez linguas máis habituais na rede

O francés é menos usado có árabe en Internet

O chinés conta con máis do dobre de falantes có inglés

O portugués é unha das oito linguas máis faladas do mundo

O bengalía (Bangladés) e o hindi (India) teñen moitos falantes, pero pouca presenza na rede

## **VARIEDADES DIALECTAIS DA LINGUA GALEGA**

### **Exercicio 1. Ghalegho**

#### **Reflexiona sobre o contido do vídeo "Ghalegho" e responde as seguintes preguntas:**

**A que fenómeno dialectal se refire o primeiro participante?**

Gheada

**A que fenómeno dialectal se refire o terceiro participante?**

Seseo

**Que senten pola súa fala os protagonistas do vídeo?**

Orgullo

**Que motivo os impulsa a facer este vídeo?**

Defender a variante dialectal da súa zona

**De que parte de Galicia serán?**

Parte occidental

**Que pensan dos que se rin deles polo seu xeito de falar?**

Que se trata de xente inculta

**Por que aparece a gheada na fala?**

Pola propia evolución do idioma

### **Exercicio 2. Eu digo.**

**Este é un vídeo de resposta ó de “Ghalegho”, feito no IES de Ribadeo. Despois de velo, deberás responder unhas preguntas.**

**Que opinión teñen sobre a gheada e o seseo?**

Cren que son variedades dialectais tan respectables como calquera outra

**Que senten polo seu propio xeito de falar?**

Orgullo

**A fala que describen...**

É o galego dialectal da súa zona

**De que parte de Galicia son as persoas que participan neste vídeo?**

Bloque central (limitando co oriental)

**Que pensan das persoas que se rin dos que falan con gheada e seseo?**

Que son uns incultos

**Que os impulsou a facer este vídeo?**

Mostrar o seu respecto cara ós diferentes dialectos do galego

**Como fan o plural das palabras rematadas en ón (camión, pantalón...)?**

Camiois, pantalois

**Cal é o nome que usan na zona para referirse ó**



Cosco

**Cal é o nome que usan na zona para referirse á**



Sapagueira

### **Exercicio 3**

**Une cada fenómeno dialectal coa súa explicación e co exemplo correspondente. Ó rematar, preme no interrogante**

Gheada: Fenómeno fonético que consiste na pronuncia do fonema /g/ (oclusivo ou fricativo velar sonoro) como /h/ (normalmente aspirado xordo). Ghato, domingho

Seseo: Fenómeno fonético que consiste na presenza do fonema /s/ nos contextos que no sistema non seseante se corresponden co fonema /θ/. Sapato

Seseo total ou explosivo: O seseo dáse en posición explosiva (principio de sílaba) e implosiva (final de sílaba). Cansión, lus.

Seseo parcial ou implosivo: O seseo só se dá en posición implosiva (final de sílaba). Canción, lus.

Solucións dos plurais das palabras en -ón: Os plurais das palabras rematadas en -ón fanse, dependendo da zona, en -óns, -ós, -ois. Camións, camiós, camiois.

Solución da terminación latina -ANUM. As palabras que proveñen de palabras latinas rematadas en -ANUM, presentan dúas solucións: -án, -ao. GERMANUM >irmán, irmao.

Cheísmo: Emprego do pronome “che” tanto para C.D. como para C.I. Vinche onte na rúa.

Teísmo: Emprego do pronome “te” tanto para C.D. como para C.I. Deute xa o regalo?

Solucións do grupo latino -ULT-: As palabras latinas que conteñen -ULT- evolucionan, dependendo da zona, a -oit-, -uit-, -ut-. MULTUM >moito, muito, muto

Solucións da terminación latina -INUM: As palabras latinas rematadas en -INUM evolucionan, dependendo da zona, a -iño, -ín. CAMINUM > camiño, camín

### **Exercicio 4**

**Sitúa no mapa os concellos que se indican (situación aproximada); fíxate en que bloque dialectal se ubican.**





**Exercicio 5**

**Clasificar as seguintes palabras no seus bloques correspondentes (algunhas son características de dous bloques). Terás dez segundos máis por cada acerto.**

Bloque occidental: amigho, cincuenta, xamóns, cancións, irmán, moito

Bloque central: xamós, cancións, moito/muito, cuando (no sur do bloque), gható (na parte máis occidental do bloque)

Bloque oriental: xamois, canciois, camín, vecín, muto/muito, cuando

**Exercicio 6**

**Signala aquelas palabras que, normativas ou non, poden servir para axudar a situar un texto nun ou noutro bloque (le os tres textos antes de comezar o exercicio). Deberás sinalar o bloque correspondente antes de marcar a palabra.**

A) O meu irmán ten un gható que escapa, cada ves que me ve, para a casa do vesiño. Moito me doe esa reacción e ti entenderás que prefira os cans.

B) O meu irmao ten un gatiño que escapa, cando me ve, para a casa do veciño. Muito me doe esa reacción e entenderás que prefira os cas.

C) O meu irmau ten un gatín que escapa, cada vez que me ve, para a casa do vecín. Muto me doe esa reacción e tu entenderás que prefira os cais.

**Exercicio 7**

**Une cada audio co bloque dialectal correspondente**

Audio 2,49: bloque oriental

Audio 2,40: bloque occidental

Audio 3,21: bloque oriental

Audio 4,02: bloque central

Audio 3,13: bloque occidental

Audio 1,34: bloque occidental

Audio 4,32: bloque central

**Exercicio 8**

**En cada grupo de oracións, hai unha intrusa; sinálala.**

GRUPO

O seu vecín ingresou hoxe no hospital

GRUPO

Colleuno da man para que non caera

GRUPO

Nunca quixo viaxar en avións

**Exercicio 9**

**Cada mapa representa a distribución dun fenómeno dialectal; intenta averiguar de cal se trata. Os mapas empregados (con modificacións) están extraídos de FERNÁNDEZ REI, F. (1990), Dialectoloxía da lingua galega, Xerais, Vigo.**



- Mapa 1: gheada / non gheada  
 Mapa 2: Sinco /cinco – des ---des  
 Mapa 3: catro /cuatro  
 Mapa 4: llo – llelo - ti /tu  
 Mapa 5: el / il  
 Mapa 6: mirar / ver e mirar  
 Mapa 7: mai / nai  
 Mapa 8: cheísmo / che e te / teísmo

## OUTROS

### MENSAXES...(CORREO ELECTRÓNICO, SMS...)

#### Exercicio 1

**Le o texto da esquerda e comproba, respondendo as cuestións formuladas, se serías quen de enviálo por correo electrónico. Se necesitas axuda, Preme aquí e mais aquí.**

Cal destes enunciados será o máis conveniente para o campo "asunto"? Chegamos á vila.

Poderemos empregar a icona que mostra unha cámara fotográfica para: Inserir as fotos da casa.

Marca as afirmacións correctas referidas ós elementos da comunicación que interveñen: Antía é a emisora da mensaxe / O código empregado é a lingua galega / A canle é o ordenador.

Que información se debe indicar no campo "CCO"? Nada.

Se Antía quixese destacar unha parte da súa mensaxe empregando letra grosa, que icona debería utilizar?

**B**

Que se deberá poñer no campo CC? O enderezo de Brais e Antón, posto que Antía quere enviarlles unha copia.

A icona do clip servirá, neste caso, para: Nada; nesta mensaxe non é necesaria.

Se Antía quixese que os seus irmáns recibisen unha copia, pero sen que se enterase Laura, onde tería que pór os seus enderezos? No campo "CCO".

Cal das seguintes opcións se debería introducir no campo "Para"? [laura@gmail.com](mailto:laura@gmail.com)

#### Exercicio 2

**Do mesmo xeito que calquera outro texto, a mensaxe que enviemos debe estar adecuada ó contexto, polo que tamén podemos falar de rexistro formal e coloquial neste tipo de comunicación. Tendo isto en conta, relaciona cada situación comunicativa co rexistro axeitado.**

Coloquial: Correo enviado ó teu pai para dicirlle que mercaches un coche / Mensaxe a unha curmá para veña ver a túa nova casa / Mensaxe dirixida á túa compañeira de clase para enviarlle uns apuntamentos / Invitación a un amigo para comer un día na túa casa

Formal: Invitación a unha voda / Carta a un cliente para que recolla o seu pedido / Correo dirixido á biblioteca da túa vila para que merquen un libro / Mensaxe a un restaurante para facer unha reserva.

#### Exercicio 3

**Clasifica as seguintes fórmulas de encabezamento e despedida segundo correspondan a un rexistro formal ou a un coloquial.**

Fórmulas encabezamento/despedita formais: Estimado colega, Apreciado amigo, Distinguido cliente, Moi señor meu, Un cordial saúdo, Afectuosamente, Saúdao atentamente, Sen outro particular, Quedo ó seu dispor.

Fórmulas encabezamento/despedita coloquiais: Querido Pepe, Ola María, Ola meu, Bicos, Unha forte aperta.

#### Exercicio 4

**Tendo en conta o rexistro empregado nestas mensaxes, escolle as fórmulas axeitadas para completalas (fíxate nos signos de puntuación): Saúdao atentamente, / Estimada colega: / Ola, Xián! / Un cordial saúdo. / Bos días: / Que tal estás? / Atentamente, / Estimado cliente: /**

-Ola, Xián/Que tal estás? Creo que hoxe podó ir ata a biblioteca e sacar o libro, así que pola tarde pasarei pola túa casa para darcho. Bicos./ Unha aperta

-Bos días:

Póñoime en contacto con vostede porque quixera saber se xa está dispoñible o libro *Sempre en Galiza*, de Castelao.

Atentamente,/ Saúdao atentamente

Carme.

-Estimado cliente:

A partir do vindeiro xoves, poderá recoller o seu pedido (en horario de oficina); estará á súa disposición durante 10 días. Para calquera consulta pode dirixirse á nosa empresa polo medio que estime oportuno.

Saúdao atentamente,/ Atentamente / Un cordial saúdo

Alberte R. L.

-Que tal estás?/ Ola, Xián Sinto non poder ir verte esta semana, pero a que vén xa me tes aí. Mellórate.

Unha aperta./ Bicos

-Estimada colega:

Recibín a súa invitación para participar no próximo congreso sobre o cambio climático, e comprácame confirmarlle a miña asistencia. Nos próximos días poreime en contacto con vostede para adiantarlle o tema do meu relatorio.

Un cordial saúdo./Atentamente

Uxía M. N.

### **Exercicio 5**

**No texto incluíronse dez barbarismos, anótaos por orde de aparición e escribe a palabra ou expresión correcta. Se queres consultar o Dicionario da RAG, Preme aquí.**

E-book: libro electrónico, libro dixital

E-reader: lector de libros electrónicos/ lector de libros dixitais/ e as dúas en sg.

E-mail: correo electrónico

Negrita: grosa

Pen drive: memoria USB

Links: ligazóns (enlaces, vínculos: non os recolle o dicionario)

Chatear: charlar

Nick: alcume, alias

Emoticonos: emoticonas

Spam: correo non desexado

### **Exercicio 6**

**Completa o diálogo tal e como podería ser se se producise a través dos servizos de mensaxería instantánea (“Charlas”, “whatsapp”, “SMS...”).**

cm, com, cmo/ wapo, wpo/ oxe/ k, ke, q, qe/ xe, x, ch/nd, nda, nad/ stou, tou/ 2 / x / mñ, mña, mañ / nn/ xq, xk, xqe, xke / noit / ksa, kasa, csa / xamot, xamote, chamot, chamot, xmt, xamot / finde, find, find / bcss, bcs, bcos.

### **Exercicio 7**

**As novas tecnoloxías ofrecen moitas posibilidades de comunicación; porén, convén ter certa precaución. Comproba se tes os coñecementos básicos necesarios en canto á seguridade no seu uso. En cada pregunta deberás seleccionar tódalas opcións que consideres.**

Os contrasinais do correo electrónico: Non poden revelarlllos a ninguén. É mellor usar unha combinación de letras e números. É recomendable ter diferentes contrasinais para varios programas ou contas de correo. Un contrasinal non ten que ser fácil de recordar, ten que ser seguro.

Características que poden ter as mensaxes electrónicas de suplantación da identidade: Solicitan datos persoais directamente. Indican un teléfono a onde chamar, no que solicitan datos persoais. Poden incluír logotipos que parecen oficiais Adoitan incluír mensaxes como: “Tocoulle a lotería”, “Se non responde dentro de 48 horas, pecharase a súa conta”...

Referente ós depredadores en liña: Establecen contacto a través das redes sociais, mensaxería instantánea, correos electrónicos... Danlles atención ás súas vítimas, afecto, amabilidade... para enganalas. Ás veces intentan manter un contacto cara a cara coa vítima. Adoitan introducir, de maneira gradual, contidos sexuais nas conversas.

Respecto ó correo electrónico: Non se deben abrir correos electrónicos de remitentes descoñecidos, e menos se están noutros idiomas. Non se deben encher formularios que cheguen por correo electrónico, en especial os que piden datos persoais. Na conta de correo non debemos incluír nome, apelidos, idade..., senón alcumes. É mellor a conta de correo canverde@ que a de lourenzo91@

Respecto a las redes sociales: Non poñas no teu perfil unha imaxe que te identifique directamente, é mellor un avatar. Non agregues a persoas que non coñezas fisicamente. Non inclúas información persoal (centro no que estudas, enderezo...). Non inclúas información sobre familiares e amizades. Antes de subir unha fotografía na que aparezan outras persoas, debes comunicarlle e obter a súa autorización.

## DICIONARIOS, ENCICLOPEDIAS, GLOSARIOS...

### Exercicio 1

Dicionarios, glosarios, enciclopedias ... adoitan organizarse alfabeticamente; repasaremos este aspecto ordenando as seguintes palabras tal e como aparecerían nalgunha destas obras.

abrandar - crianza - crime - fraco - frío - gardar - grande - groso - macabro - marabilla - marabilloso - nobelo - ola - percebe - percha - serpe - serpentina - zarabeto

### Exercicio 2

Seguimos co repaso da orde alfabética: pon no oco a palabra correspondente, tendo en conta a que vai antes e a que vai despois.

Estes son os termos que debes colocar: **fiestra - garfo - catrapola - amodorrar - trabadense - catatonía - balorecer - loar - trabe - festeiro - garfio - loita - gargarexo -fiel**

amocelo - amodo - amodorrar - amoadar - balor - balorecer - balorento - balote - catatonía - catatónico - catavento - catecismo - catorce - catrapola - catre - catro - festa - festeiro - festexar- festexeiro - fiel - fiela - fielmente - fiestra - fiestraxe - garfelo - garfio - garfo - gargantilla - gargarexar - gargarexo - loable - loador - loanza - loar - lobada - loiar - loiro- loita - traba - trabada- trabadela - trabandense - trabatel - trabe - trábea

### Exercicio 3

Relaciona cada característica co tipo de obra: **glosario, dicionario, enciclopedia.**

- Anexo que se pode agregar ó final de libros, de investigación... → glosario.
- Inclúe varios termos pouco coñecidos, de difícil interpretación, relacionados co campo sobre o que xira a obra que acompaña. → glosario.
- Ofrece a definición de calquera termo, non dun só campo, de non ser que se trate dunha obra especializada e así se indique → dicionario.
- Pódese definir como un catálogo de palabras dunha mesma disciplina ou dun campo de estudo, que aparecen explicadas para comprender mellor o significado dunha determinada obra. → glosario.
- Trátase dun complemento da información principal. → glosario.
- Obra composta por artigos de interese xeral que, normalmente, son escritos por persoas diferentes. → enciclopedia.
- Os artigos deben manter interese a través do tempo, non se debe usar información pasaxeira. → enciclopedia.
- Obras de síntese que tratan de recompilar os coñecementos da humanidade. → enciclopedia

### Exercicio 4

Indica en que tipo de dicionario buscarías a seguinte información:

Estás escribindo un texto e xa utilizaches varias veces a palabra "ventá", así que necesitar atopar outra que signifique o mesmo → sinónimos.

Buscas cal é a procedencia da palabra "voda". → etimolóxico.

Necesitas unha información breve sobre un país. → dicionario enciclopédico.

Queres traducir ó inglés o termo "mesa". → bilingüe

Queres saber cal é o termo correcto para unha palabra que, habitualmente, se nomea incorrectamente → de dúbidas.

Necesitas encontrar unha palabra que signifique o contrario que "branco" → antónimos

Estás facendo un traballo sobre psicoloxía, e necesitas definir varios termos relacionados coa materia. → dicionario especializado

Queres saber o significado dunha palabra. → dicionario da lingua

### Exercicio 5

Relaciona cada texto co tipo de obra no que aparece.

Herba → *Dicionario da Real Academia Galega*

Abó-avó → FERNÁNDEZ SALGADO (dir.) (2004), *Diccionario Galaxia de Usos e Dificultades da Lingua Galega*, ed. Galaxia.

Roi Queimado → *Gran Enciclopedia Galega* (2005), Lugo, ed. El Progreso Artes Gráficas.

Begoña → FERRO COUSELO, X. (1998), *Diccionario dos nomes galegos*, ed. Ir Indo.

Ruxe-ruxe → CORTIZAS, A. (2013). *Tastararas. Enciclopedia de brinquedos tradicionais*, Vigo, ed. Xerais.

Stone, Oliver → *Enciclopedia básica do estudante*. (2005), A Coruña, ed. Everest Galicia.

Orballo → *Diccionario de sinónimos. Diccionario en liña.* Universidade de Vigo. En [sli.uvigo.es/sinónimos](http://sli.uvigo.es/sinónimos)

Dew-orballo → *Diccionario CLUVI inglés-galego.* En [sli.uvigo.es/diccionario/clig.html](http://sli.uvigo.es/diccionario/clig.html)

Absentismo... → TELLADO SANDE, A. et al (2008), *Glosario de termos de prevención, saúde e ambiente laborais*, ed. Gabinete Técnico de Saúde Laboral. CIG.

Acaramelar... → VIEIROS (2004), *Glosario de gastronomía.* En <http://www.vieiros.com/pacofeixo/glosario.html>

### Exercicio 6

**Relaciona o elemento indicado co seu significado.**

Ola<sup>1</sup> → lema homógrafo.

Lat. → palabra que procede do latín.

Íd. → significado igual en latín e galego.

2 → segundo significado da primeira palabra.

Cántara → sinónimo.

3 → terceira acepción da primeira palabra.

Haula → palabra árabe da que procede.

Remuíño → significado da palabra árabe.

s.f. → substantivo feminino.

OBS → observacións.

Unha ola de vento → exemplo.

Interx. → interxección.

### Exercicio 7

**Comproba que interpretas correctamente a información dos dicionarios respondendo as preguntas.**

- Das tres entradas, cal terá outra entrada igual por tratarse dunha palabra homógrafo? → Fiar.
- “Afianzar” é sinónimo de “fiar” cando este é un verbo transitivo ou pronominal? → Transitivo.
- Escribe o significado que ten “fiar” cando é un verbo pronominal → Confiar en, dar creto.
- Cal é a palabra latina da que se supón que procede “fiar” → fidare
- Cal dos lemas é un prefixo → ex
- [ks] refírese á pronuncia ou á ortografía → pronuncia
- Cantos significados, da primeira acepción, se recollen do prefixo ex? → 5
- Ademais de prefixo, que tipo de palabra pode ser “ex”? → substantivo
- A abreviatura “fam.” indica “familiar” ou “famoso”? → familiar
- Cal dos termos ten orixe francesa? → hotel
- Cantas acepcións ten “fiar”? → 4
- Cal é a única frase feita á que se fai referencia nas definicións? → Ser de fiar.
- Cal é o xénero da palabra “hotel”? → masculino.
- Escribe a acepción dada en cuarto lugar da palabra “fiar” → Confiar en si mesmo

### Exercicio 8

**Escolle a acepción axeitada para cada unha destas palabras polisémicas, tendo en conta o contexto. Se necesitas máis información de cada acepción (exemplos, sinónimos...), preme no Dicionario da RAG**

Esa **historia** que che contou, ocorreu de verdade na Terra Chá: Relato ou narración de sucesos reais ou imaxinarios.

A **Porta** da Estación é unha das 10 portas da muralla de Lugo: Abertura feita nunha parede, mole, cerca etc., para permitir o acceso.

Na biblioteca do centro temos catalogada a **obra** de Rosalía de Castro: Conxunto da produción dun artista, dun escritor ou dun científico. OBSERVACIÓNS: Úsase en singular con valor colectivo.

Viuno a través do **ollo** da fechadura: Burato ou cavidade de certas cousas por onde se introduce ou pasa algo. SINÓNIMO alfiestra

Perdín o **testo** da pota e agora non podo tapar a comida: Tapa de potas, tarteiras e outros recipientes similares.

A **nave** encallou debido ó temporal: Embarcación ou barco, especialmente os de gran tamaño.

Non podo virar a cabeza por mor deste **cabalo**: Dor muscular no pescozo, que impide mover a cabeza con normalidade.

Despois de aprobar a oposición, o seu primeiro **destino** foi Vigo: Lugar a onde se envía unha persoa para desempeñar o seu emprego.

Xa cumpriu a **pena** de tres anos que lle impuxeran: Castigo que se impón a alguén por unha falta ou delito cometido.

Coustume tres euros e **pico**: Parte ou porción indeterminada que excede da cantidade ou número que se expresa.

### **Exercicio 9**

#### **A WEB EDUCATIVA: PORTAL DAS PALABRAS.**

**Nesta páxina atoparás información relativa á lingua galega, especialmente ó seu léxico; navega por ela e atopa a información necesaria para responder as seguintes preguntas.**

- Como debe pronunciarse a letra “g” nas siglas (consulta a sección de vídeos): A letra G, cando vai nunha sigla e se refire a Galicia ou a galego/a, pode lerse como “ga”, pero só nestes casos.
- Sinala as afirmacións verdadeiras relacionadas cos días da semana (consulta a sección de vídeos): En latín, os días da semana eran dedicados ós planetas e á lúa/ “Sábado” é un nome procedente do hebreo/ A denominación “cuarta feira” correspóndese con mércores.
- Cal é o significado do termo “equinoccio” (consulta a sección “natureza”)? Igualdade dos días e das noites.
- Dentro da sección natureza, atoparás as “palabras enchoupadas”; se lles botas unha ollada, poderás dicir cal dos seguintes termos están recollidos nese apartado: Orballo/ Melura/ Chuvascada/ Trebón/ Arroíada/ Sarabia/ Xistra
- En que sección poderei atopar estes sete nomes: Aparicio, charrúa, peliqueiro, pantalla, choqueiro, entroido, meco? Sección persoas: Setestrelo. Sete personaxes de Entroido.
- Que teñen en común os apartados denominados “Setestrelo”? Recollen sete palabras dun determinado campo semántico.
- En “palabra asinada” atoparemos as palabras preferidas de determinadas persoas, que explican que lles suxire o termo que escolleron; revisa a sección e indica que parellas son as correctas: Alba Nogueira López: aquelar/ Xosé Luis Axeitos: trebello/ Xosé Neira Vilas: agarimo/ Francisco Díaz-Fierros: lentura/ Débora Campos: touporroutou.
- Se investigas nos xogos denominados “canto sabes”, poderás indicar que parellas son sinónimas: Cornetán (insecto): vacaloura/ Ortiga (planta): herba do cego/ Chamba (roupa): blusa/ Solapa (roupa): lapela/ Castañeta (habitantes do mar): palometa/ Vento mareiro (ventos): travesía.
- Sinala os tipos de xogos que aparecen no Portal das palabras: Canto sabes?/ Dimo con letras/ Apunta ben/ Verdadeiro ou falso/ A ver se dás/ Opa!/ Só unha vale.

### **Exercicio 10**

#### **WEBS EDUCATIVAS: Orella pendella, Mesa pola Normalización da Lingua, Hemeroteca da RAG, Biblioteca Virtual Galega.**

**Trátase, agora, de navegar por algunhas webs educativas e localizar a seguinte información:**

Cal é a finalidade de “orella pendella” (<http://www.orellapendella.org/>)? Difundir a literatura popular infantil de Galicia para que siga sendo unha ferramenta educativa e de lecer para as persoas do século XXI

Algunhas das características da web “orella pendella” (<http://www.orellapendella.org/>) son:

- Está aberta á colaboración dos lectores, que poden enviar ditos, cancións...
- Sinala as fontes que lles proporcionan os textos que inclúen
- Inclúe unha sección para escoitar ditos, recitados e cancións gravadas
- Os textos aparecen clasificados nas distintas categorías: animais, tempo cronolóxico...

Na páxina da Mesa pola Normalización Lingüística, hai unha sección onde podemos atopar a orixe e significado dos nosos nomes e apelidos; consúltala nas seguintes ligazóns (<http://www.amesa.gal/caixa/nomes/>, <http://www.amesanl.org/gl/nomeseapelidos/apelidos>) e indica se as seguintes afirmacións son correctas ou falsas.

- Belén é un nome de orixe hebrea que significa “casa do pan”
- Luís é un nome de orixe xermánica que significa “glorioso no combate”
- Aitor é un nome vasco que significa “pai”
- Hugo é un nome xermánico que significa “intelixencia”
- Fernández significa “fillo de Fernando”
- Uxía é un nome de orixe grega que significa “ben nacida, nobre”

A hemeroteca da RAG <http://www.realacademiagallega.org/hemeroteca-informacion> :

- Conserva máis de 2500 cabeceiras de revistas publicadas ao longo dun período de 200 anos
- Contén revistas americanas, editadas polos galegos e galegas que viviron na emigración cubana e arxentina a finais do S.XIX e principios do XX
- *A Nosa Terra* é unha das publicacións que conserva

- Para fotocopiar partes das revistas é necesario cubrir un formulario
- A Biblioteca Virtual Galega (<http://bvg.udc.es/>) :
- Consta de 6 seccións principais: videoteca, obras lidas, catálogo de obras e autores/as, obras dispoñíbeis para lectura, sección de novos/as, recursos da lingua
  - A maioría das seccións contan con subdivisións entre as que podemos atopar: títulos de narrativa, títulos de poesía, títulos de teatro
  - Posúe unha sección de “novos”, a través da que calquera pode enviar os seus textos
  - Podemos atopar arquivos con algúns dos libros da literatura galega.
  - Na sección de “novidades” dáse conta dos próximos eventos literarios.

## LITERATURA

### XÉNEROS LITERARIOS : XÉNERO LÍRICO

#### Exercicio 1: Unha vez tiven un cravo

##### **Sinala o tema do poema**

A nostalxia dunha dor

##### **Que pode simbolizar o cravo?**

Unha pena, unha dor

##### **Que significan os versos 3 e 4?**

Que non lembra cal era o motivo da pena que tiña

##### **Por que hai comiñas dos versos 9 ó 12?**

Reproducen as palabras textuais que lle dirixe a Deus

##### **Como se libra do cravo?**

Deus concédelle ese desexo

##### **Como se sentiu despois de liberarse do cravo?**

Mal, porque botaba e falta esa dor.

##### **Indica cal destas afirmacións é a correcta**

Pódese dicir que sempre ten unha dor presente, sexa polo cravo, sexa pola súa nostalxia

##### **Que simboliza o “barro mortal que envolve o espírito”?**

O corpo

##### **Nalgunhas partes do poema, a voz poética diríxese directamente a alguén; a quen?**

A Deus

#### Exercicio 2: Eu en ti

##### **No texto, observamos a seguinte estrutura:**

Dúas partes: a primeira abranguería as catro primeiras estrofas, onde expresa dende cando buscou, procurou, chamou, namorou; a segunda sería a última estrofa, que é unha conclusión, un resumo do anterior.

##### **Podemos enunciar o tema do texto do seguinte xeito:**

A eternidade do amor

##### **En canto á voz poética:**

Trátase dun poema en 1º persoa (eu, busquei, procurei...) que se dirixe a unha segunda persoa (te, túa)

##### **O espazo ó que se alude no texto:**

Móstrase despoboado, silencioso... nos albores do mundo

##### **Que significado ten o seguinte verso: “cando as cousas buscaban os seus nomes”?**

Buscaba dende o principio dos tempos

##### **Que significado ten o seguinte verso: cando o amor era unha folla branca”?**

Cando aínda ninguén vivira o amor

#### Exercicio 3 Le e escoita detidamente o poema e completa os ocios coas figuras literarias que se piden

##### **Personificación**

A personificación ou prosopopea é unha figura retórica que consiste en atribuír a seres non racionais animados e inanimados, calidades, acción ou facultades humanas (*Míranos as estrelas*).

**Localiza, na primeira estrofa do poema, unha personificación e anota os dous versos que a componen.**

Galicia docemente

está ollando o mar:

##### **Paralelismo**

**O paralelismo é un recurso literario que consiste na repetición dunha estrutura sintáctica ou semántica, por veces con leves variacións. Completa o seguinte paralelismo que se dá no poema.**  
¡cargados de traballo  
cargados de trafegos!

**Imaxe ou metáfora impura**

**A imaxe ou metáfora impura consiste en identificar un termo real con outro imaxinario (xeralmente, a través do verbo ser). Ex. Os teus dentes son perlas: identifícanse os dentes (termo real) coas perlas (irreal), para destacar a súa brancura.**

**Copia os dous versos da terceira estrofa que conteñen unha imaxe.**

Galiza é unha nai  
velliña, soñadora:

**Antítese**

**A antítese é unha figura de expresión mediante a cal se salienta a oposición existente entre dúas palabras, expresións ou conceptos. Ex. Invoca a luz desde esta dura tebra**

**Anota as dúas palabras que, na terceira estrofa, conforman unha antítese.**

Rise - chora

**Exercicio 4. Aquí temos uns versos e estrofas pertencentes a *Poesía galega*, de Luís Pimentel; debes unilos co tipo de recurso literario que neles se observa.**

Entrou a mañá no meu pobo  
tan limpa, tan redonda e pura  
coma unha mazá  
sobre un espello.

Comparación

-----

As ventás, despertas,  
ollábana caladas, ditosas

Personificación

-----

O poeta é un mestre sen ira

Imaxe

-----

Dentro do seu traxe de dura seda

Antítese

-----

Tac, tac, tac  
culler de pau  
cunca de madeira  
o meu neno  
está na lareira

Onomatopea

-----

Eu ben sei que hai un misterio

na nosa Terra:  
máis alá da néboa,  
máis alá do mar,  
máis alá do bosque.

Paralelismo

**Exercicios 5. Este exercicio consta de dúas partes: primerio deberás localizar os recursos estilísticos; despois, interpretar os símbolos. Completa os ocios co nome dos recursos estilísticos que se dan en cada caso: imaxe, paralelismo e antítese, metáfora (da vida), antítese, comparación**

A alma é unha roseira -----imaxe

de rosiñas vermellas

e de rosiñas brancas -----paralelismo e antítese

Alegrías e penas -----antítese

son o vento que pasa -----imaxe

ás veces como un bico -----comparación



Unha bágoa que surde  
unha risa que estala -----paralelismo e antítese

o remuíño das ágoas -----metáfora (da vida)

**Fíxate no sentido que teñen no poema os símbolos “rosiña branca” e “rosiña vermella”; logo indica con F ou V se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:**

As rosiñas brancas están relacionadas coa esperanza, co que están por chegar

As rosiñas brancas son elementos positivos

A vida está composta de rosiñas brancas (negativo) e rosiñas vermellas (positivo)

As rosiñas brancas vincúlanse ó nacemento porque, nese momento, non hai penas nin amarguras

A vida está composta de rosiñas brancas (positivo) e rosiñas vermellas (negativo)

Podemos dicir que as rosiñas brancas son unha metáfora das experiencias positivas da vida

As rosiñas vermellas son unha metáfora das experiencias negativas da vida

**Exercicio 6. A maioría dos nomes dos versos están formados por un prefixo que indica o número de sílabas que conteñen; tendo isto en conta, une cada tipo de verso co número de sílabas correspondente.**

Bisílabo (2), tetrasílabo (4), pentasílabo (5), hexasílabo (6), heptasílabo (7), octosílabo (8), eneasílabo (9), decasílabo (10), hendecasílabo (11), alexandrino (14).

**Exercicio 7. O número de sílabas real (sílabas fónicas) non sempre coincide co número de sílabas métricas, debido ás licenzas poéticas que inflúen na composición dos versos. Xunta cada licenza coa súa definición e os seus exemplos.**

Sinalefa: a vogal situada ó final dunha palabra únese á vogal que dá comezo á palabra seguinte, contándose como unha soa sílaba. Ex.: can-ta-baon-te; can-toe-rí-o

Sinérese: redución a unha soa sílaba de dúas vogais que formaban un hiato. Ex.: ha-bía; poe-ta

Hiato: consiste en non facer a sinalefa; é dicir, as vogais de final de palabra e comezo da seguinte compútanse en dúas sílabas diferentes. Ex.: can-ta-ba-on-te; can-to-e-rí-o

Diérese: fenómeno contrario á sinérese; consiste na separación das vogais que forman un ditongo. Ex.: a-i-re; be-i-ra

**Exercicio 8. Tendo en conta o número de sílabas de cada verso, que licenza se dá?**

Saberás como estou vivo (8 sílabas) → sinalefa

E penas e martirio (8 sílabas) → diérese

Cantaba onte no campo (8 sílabas) → hiato

As bágoas da felicidade (9 sílabas) → sinérese

Aire pegando na face (9 sílabas) → sinérese

O ano no que ti naciches (8 sílabas) → sinalefa

Esperando un barco que parta (9 sílabas) → sinalefa

Outra vaca no millo (8 sílabas) → diérese

Era alegre a mañá de primavera (13 sílabas) → hiato

Ía polo camiño correndo (9 sílabas) → sinérese

**Exercicio 9 Ao realizar o cómputo silábico, ademais das licenzas métricas, tamén hai que ter en conta:**

**O versos que rematan en palabra aguda: suman unha sílaba.**

**Os que rematan en palabra esdrúxula: resta unha.**

**Os que rematan en palabra grave: quedan igual.**

**Tendo isto en conta, e mais as posibles licenzas poéticas, indica o número de sílabas que teñen estes versos de *Follas Novas* (Rosalía de Castro):**

Daquelas que cantan as pombas i as frores: 12  
todos din que teñen alma de muller: 12

Ben sei que non hai nada: 7  
novo en baixo do ceo, : 7  
que antes outros pensaron: 7  
as cousas que ora eu penso: 7

Diredes destes versos, i é verdade, : 11  
Que tén estrana insólita harmonía, : 11  
Que neles as ideas brilan pálidas : 11

¡Follas Novas!, risa dáme: 8  
ese nome que levás: 8  
cal se a unha moura ben moura: 8  
branca lle oise chamar: 8

¿Que pasa ó redor de min?: 8  
¿Qué me pasa que eu non sei?: 8  
Teño medo dunha cousa: 8  
que vive e que non se ve: 8

**Exercicio 10. Escoita “A sementeira”, da man de Fuxan os Ventos, e anota, por orde de aparición, as palabras que riman coas que se indican:**

Crarear (normativo: clarear): cantar – nai – roubar – pan – paspallás – alborear  
Rebuldeiro: pexegueiros – consellos – nenos  
Redención: desolación  
Queimado: esfamiados

**Exercicio 11. Clasifica as seguintes parellas segundo a súa rima**

Asonante: calor – balón // roubar – paspallás // cantar – nai // pexegueiros – consellos // seda – pera // poeta – tarefa // fácil – lapis // touro – sono  
Consonante: cantar – levar // lado – amado // redención – desolación // perfil – candil // estaba – cantaba // mellora – empeora  
Non riman: bolígrafo – carpeta // vaso – beixo // calado – medo // herba – cima

**Exercicio 12. Une cada estrofa co número de versos que contén e mais co esquema estrófico correspondente:**

2 versos: pareado  
3 versos: terceto  
4 versos: cuarteto, serventesio, redondilla, quarteta, copla  
5 versos: lira, quinteto, quintilla  
Pareado: AA ou aa  
Terceto: A-A  
Cuarteto : ABBA  
Serventesio: ABAB  
Redondilla : abba  
Cuarteta : abab  
Copla: -a-a  
Lira : 7 a 11b 7 a 7b 11B  
Quinteto: ABABA  
Quintilla: ababa

**Exercicio 13 . Escribe o esquema estrófico e o nome da estrofa. Fíxate no uso de minúsculas e maiúsculas, e ten en conta que os versos libres representanse con -**

¡Que doce e deleitoso  
é dun pai o desvelo, cando á beira  
do seu leito de esposo  
vai oír, pracenteira,  
do seu primeiro fillo a vos primeira!  
Curros Enríquez, *Aires da miña terra*  
Esquema estrófico: 7a, 11B, 7a, 7b, 11B  
Estrofa: lira

Da aldea lexana fumegan as tellas;  
detrás dos petoutos vai pódose o sol  
retornan prós eidos coa noite as ovellas

tiscando nas beiras o céspede mol.

Curros Enríquez, *Aires da miña terra*

Esquema estrófico: ABAB

Estrofa: serventesio

Mediou a noite sagra da festa do Nadal  
e o xentío enche a nave da vella catedral.

Cabanillas, *Na noite estrelecida*

Esquema estrófico: AA

Estrofa: pareado

¡Alma nacional e ardente  
canta anque che custe bágoas!  
¡Teus cantares son sementes!

Cabanillas, *No desterró*

Esquema estrófico: A – A

Estrofa: terceto

Antes de ser escravos,  
¡irmáns, irmáns gallegos!  
Que corra a sangre a regos  
dende a montana ó val.

Cabanillas, *Vento mareiro*

Esquema estrófico: abba

Estrofa: redondilla

Que quererás de min, meu novo outono,  
si xa todo cho din na última entrega;  
si xa fixen balance e soio anega  
tristeza ao corazón en abandono.

Arcadio López-Casanova

Esquema estrófico: ABBA

Estrofa: cuarteto

**Exercicio 14.** O soneto é, xunto co romance, unha das composicións poéticas máis importantes. Le o seguinte soneto e marca as respostas correctas

**Este poema é un soneto, composición poética que consta das seguintes estrofas:**

Dous cuartetos e dous tercetos

**O esquema estrófico deste soneto é o seguinte:**

ABBA ABBA CDC EDE

**O tipo de rima é:**

Consonante

**Que tipo de versos contén este soneto?**

Hendecasílabos

**Signala o cómputo silábico que se aplicaría no primeiro verso:**

Ben – di – to – se – xaoa - no,- o – mes – o – dí - a

**Que licenza poética se dá no seguinte cómputo silábico: que – teen – con - trei – no - me - dio – do – ca – mi – ño?**

Sinalefa

**Ó realizar o cómputo silábico deste soneto, hai que sumar ou restar sílabas?**

Non, porque tódolos versos rematan en palabras graves

**No poema aparece unha gradación con termos referentes ó paso do tempo; que termos forman esta gradación?**

Año, mes, día, hora, segundo

**Os primeiros versos de cada estrofa comezan do mesmo xeito: “Bendito sexa o...”. Como se denomina este recurso literario?**

Paralelismo

**Cal é o tema do soneto?**

A alegría por ter atopado o amor

**Exercicio 15.** O romance (xunto co soneto, unha das composicións poéticas máis importantes), pode ser lírico ou narrativo.

O romance é unha composición poética formada por un número libre de versos que, como no caso deste exemplo, son:

Octosílabos

Este poema ten o mesmo tipo de rima que é característico dos romances, que consiste en:

Rima asonante nos pares, quedando libres os impares

**Signala o que mellor resume o contido do romance:**

Unha noite, ó volver do muíño, atopa una lavandeira no río e, cando lle vai axudar a retorcer a saba, a lavandeira desaparece e queda unha poza de sangue

**Que recurso literario se dá nos seguintes versos: “Desparece a lavandeira / como fumeira espallada”**

Comparación

**Que recurso literario se dá nos seguintes versos: “Era unha noite de lúa / era unha noite clara”**

Paralelismo

**Que recurso poético se realiza ó facer o seguinte cómputo silábico: mo-za-que-vés-po-laes-tra-da**  
Sinalefa

## XÉNEROS LITERARIOS : NARRATIVA

### Exercicio 1

**Localiza os elementos relacionados coa narración que se corresponden coas definicións dadas.**

Personaxes: aqueles que protagonizan os sucesos.

Tempo: sucesión cronolóxica dos feitos.

Espazo: lugar onde transcorre a acción.

Narrador: voz que conta a historia.

Argumento: resumo do texto que contén a información esencial

Acción: sucesos que acontecen; xeralmente, uns son causa dos outros.

Ficción: o que non é real, que é produto da imaxinación.

Novela: obra literaria en prosa que narra unha acción finxida ou real e que busca suscitar un pracer estético no lector.

Conto: narración breve de sucesos ficticios

Lenda: relato de sucesos fantásticos que a tradición foi elaborando no transcurso do tempo.

### Exercicio 2

**Ordena estes fragmentos de *Cousas* (Castelao), de xeito que formen un texto coherente e ben estruturado.**

O PAI DE MIGUELIÑO

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os *americanos* xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sintiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o *americano*, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o *americano* pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeadado e o corazón dáalle que aquel era o seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a fartar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o *americano* pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

*Cousas*, Castelao

### Exercicio 3

**Le o texto e escolle o elemento axeitado. Por cada acerto, incrementarase o tempo corenta segundos.**

Espazo afastado (do pasado): terra allea  
Ref.temporal pouco concreta: nos primeiros tempos  
Personaxe protagonista: dona Carmen  
Personaxe secundario: o seu home  
Espazo actual: terra allea  
Narr. omnisciente: morrerá do ai que lle quedou  
Ref. temporal (avanza o tempo): de tempo en tempo  
Estilo directo: o diálogo entre a parella

#### **Exercicio 4**

**A seguir, debes identificar o narrador destes catros textos.**

Nos primeiros tempos doña Carmen...: 3º persoa omnisciente  
Ulises levaba un lustro...: 1º e 3ª persoa testemuña  
Eu nacín, medrei ...: 1ª persoa protagonista  
Roque, Fiz e mais ti...: 2ª persoa

#### **Exercicio 5**

**Une os textos que contén co mesmo tipo de narrador.**

Se eu a coñecín... - Eu son Balbino...  
Dirixiuse ó armario... - O mozo odiaba...  
Cumprida a tarefa... - Despois dunha longa...  
Ela dicíacho moitas veces...- Comeza polas ...

#### **Exercicio 6. “Os defuntos falaban castelán”**

**Aquí tes unha curtametraxe sobre un relato de Ánxel Fole; despois de velo, deberás responder as seguintes preguntas:**

**Como son os personaxes da tía Remedios e o tío Venancio?**

Remedios é malvada e aproveitada, pero Venancio é un simple infeliz

**En canto ó tempo interno do relato:**

Abrangue parte dun día e máis parte da noite seguinte

**Polo que respecta ó tempo externo:**

A acción ocorre en torno ó Día de Defuntos

**Que é o que provoca o enredo?**

A conversa que mantiñan os namorados no camposanto

**Cales son os espazos principais?**

A taberna e o camposanto

**Esta curtametraxe é a adaptación dun relato de Fole que comeza así: “Nunha vila da ribeira do Sil aconteceu o que vos vou contar. Fixérame moita graza cando o ouvira.”**

**Que tipo de narrador emprega?**

Narrador testemuña, posto que relata algo segundo a el llo contaron

**Por que deciden os clientes da taberna achegarse ó camposanto?**

Porque pensan que pode haber ladróns

**Cal é a primeira reacción dos clientes da taberna cando o rapaz di que os defuntos quedaban falando no camposanto?**

Primeiro sorpréndense e despois comezan a rir

**A que personaxe se refire esta descrición que aparece no relato escrito: “era o dono dunhas das casas máis pudentes da ribeira”, “era un señor de gran fachenda, alto e forte”, “se chegaba o caso, ningún tan afogueirado coma el”?**

Don Ramiro

**Cando comeza a asustarse o cazador?**

Cando oe as voces do cemiterio aludindo “ó da barba

#### **Exercicio 7. O carrizo.**

**Escoita e fíxate ben no relato “O carrizo”, lido polo seu autor: Tucho Calvo, xa que este exercicio é o primeiro dos dous que tratarán sobre este texto.**

**O xénero narrativo non é tan rico en recursos literarios como o lírico; de tódolos xeitos, algúns si se poden apreciar, como na expresión: “brincaba como unha pelota por unha fervenza abaixo”; que nome recibe este recurso?**

Comparación

**Sinala o tipo de narrador do texto:**

1ª persoa protagonista

**Cando o protagonista comprende que estaba a piques de sufrir un accidente, que sente?**

Ten medo por se queda eivado, de sufrir moita dor e de que a súa familia se entristeza

**Cando o protagonista está a punto de sufrir un accidente, percibe que o tempo:**

Pasa lentamente, case parado e dálle tempo a analizar a situación

**O hospital é, segundo o punto de vista do protagonista, un espazo:**

Negativo, abafante

**Quen lle conta a historia do carrizo?**

A avoa

**Quen é María Vicenta?**

A avoa

**En que momento relata a historia o protagonista?**

Cando xa é vello e está de volta na súa terra

**A acción desenvólvese en espazos diferentes:**

Harlem, hospital, Galicia

**A descrición do momento do accidente:**

Fai que o tempo se ralentice

**Cando o protagonista decide voltar á súa terra:**

Xa ten máis de 60 anos

**Sinala o que mellor resume o relato que le Tucho Calvo:**

O protagonista, xa maior, conta dúas historias pasadas: a do accidente en Harlem, que acabou por decidilo a voltar á terra, e a que lle conta a súa avoa sobre o carrizo

**O tema da morte:**

Está moi presente no texto: no accidente, na historia do carrizo, na vellez...

**Como afronta a morte o protagonista?**

Con serenidade, asumíndoa

### **Exercicio 8. O carrizo II**

**Ordena as accións, poñendo o número correspondente, segundo estes criterios:**

- Pola orde a que aparecen no relato.
- Segundo a orde cronolóxica vital, tal como as viviu o protagonista.
- Segundo o tratamento do tempo no relato

	Criterio a)	Criterio b)	Criterio c)
Pasa uns días no hospital	2	3	3
Ten un accidente	1	2	2
Relata os feitos cando está na súa terra	4	4	1
A avoa cóntalle a historia do carrizo	3	1	4

Tendo isto en conta, podemos dicir que o tempo non é lineal, senón que hai saltos temporais, posto que, desde un presente, o protagonista relata feitos anteriores para volver, despois, de novo ó tempo actual. Hai tres momentos: o presente, o pasado (accidente e hospital) e un pasado afastado (avoa).

## **XÉNEROS LITERARIOS: TEATRO**

### **Exercicio 1**

**Trata de atopar as palabras que se corresponden coas definicións dadas.**

Dramaturga: autora de obras dramáticas

Escenografía: arte ou técnica de proxectar e deseñar o decorado do interior do teatro, especialmente do escenario, para a representación teatral.

Escena: cada unha das partes en que se dividen os actos dunha obra de teatro e nas que actúan os mesmos personaxes.

Acto: cada unha das partes principais en que se divide unha obra de teatro.

Anotación: textos que indican como ha de ser a representación (en canto a vestiario, ton dos actores e actrices, decorado...)

Diálogo: conxunto de palabras que intercambian os personaxes da obra.

Monólogo: intervención dun só personaxe.

Aparte: intervención verbal dun ou varios personaxes, que deixan, momentaneamente, de participar no diálogo principal; o resto dos personaxes finxen que non escoitan o que se di

Drama: calquera obra literaria destinada á representación en escena, diante dun público; subxénero teatral.

Comedia: obra de teatro en que se presentan, nun ton pouco serio ou cómico, caracteres e costumes e que ten un final feliz

Traxedia: Obra dramática de carácter serio, na que interveñen personaxes importantes e na que o protagonista é conducido polo seu fado cara a un desenlace fatal

### **Exercicio 2**

**Signala o termo correcto para cada parte do teatro**

Bambolina, pano, platea ou patio de butacas, palco, galiñeiro ou poleiro; galería, foso, escenario.

### **Exercicio 3**

**Imos ver agora un fragmento da obra *A piragua*, de Cándido Pazó, sobre o que terás que responder algunhas preguntas.**

**De que se coñecen os dous personaxes principais desta escena?**

Son veciños da comunidade dun edificio

**Tendo en conta o decorado e o contido, onde cres que se produce a reunión?**

No portal do edificio

**Que tema se trata nesta escena?**

A intolerancia de Delio, manifestada na súa oposición a que Guzmán garde a piragua no garaxe

**Fíxate na linguaxe corporal de Delio en relación ó personaxe feminino (que é a súa muller); como describirías o seu comportamento con ela?**

Ignórala, actúa como se fose invisible; excepto ó final, que mostra certa agresividade cara a ela

**Noutra escena da obra, Delio protesta porque a súa muller (Rosa) quentou a cea no microondas, e din:**

**ROSA.-** *Pois eu non lle vexo problema ningún*

**DELIO.-** *Porque non se ve. Xa o di a palabra: microondas. Ondas pequenas. Todo o que comeza por micro... hai que desconfiar: microorganismos, microbios, microbús [...]*

**Con que parte da obra que aparece no vídeo relacionarías esta intervención de Delio?**

Con aquela na que define o termo “piragua”

**Delio non mostra unha actitude moi respectuosa con Guzmán, o que pode apreciarse cando:**

Emprega o hipocorístico “Nito” en contra da vontade de Guzmán

**Imaxina que tiveras que reescribir ti esta escena e engadirlle as anotacións; indica cales das seguintes relacionarías co personaxe de Delio**

*(Con ton inquisitivo)*

*(Con ton conciliador, dálle un golpiño no lombo)*

*(Diríxese á muller con prepotencia)*

*(Míraa con xesto ameazador)*

*(Levántase da cadeira e diríxese a Guzmán)*

**Imaxina que tiveras que reescribir ti esta escena e engadirlle as anotacións; indica cales das seguintes relacionarías co personaxe de Guzmán**

*(Garda os papeis no pantalón)*

*(Resignado e cansado)*

*(Achégase cara a Delio)*

### **Exercicio 4**

**Aquí tes unha serie de anotacións da obra *O achado do castro*, de Manuel Núñez Singala; deberás clasificalas tendo en conta o tipo de información que ofrecen.**

Persoais paraverbais: refírense á entoación, actitude... dos actores e actrices.

Persoais corporais: aparencia (maquillaxe, peiteado, vestiario...) e expresión (xesto, movemento...)

Persoais operativas: accións (comer, correr, marchar...)

Espaciais: decorado, iluminación, accesorios...

Temporais: ritmo, pausas...

Sonoras: música, silencios, ruídos..

*(O decorado representa o clareiro dun bosque, co toro dunha árbore no centro da escena e, ás súas beiras e situados un pouco máis atrás, dous arbustos. Escóitase o piar dos paxarons fundido co “Aleluia” de Haendel)*

TIPO DE ANOTACIÓN: ESPACIAL E SONORA

*(Botando un grollo de viño)*

TIPO DE ANOTACIÓN: PERSOAL OPERATIVA

*(Marchan e os ladróns saen dos arbustos)*

TIPO DE ANOTACIÓN: PERSOAL OPERATIVA

(Pausa)

TIPO DE ANOTACIÓN: TEMPORAL

(Cun fio de voz)

TIPO DE ANOTACIÓN: PERSOAL PARAVERBAL

(Berrando)

TIPO DE ANOTACIÓN: PERSOAL PARAVERBAL

(Medoso)

TIPO DE ANOTACIÓN: PERSOAL PARAVERBAL

(Entra en escena MANOLITUS que non ve os SOLDADOS; vén moi ben vestido e ledo, trae nunha man un ridículo ramallo de flores)

TIPO DE ANOTACIÓN: PERSOAL OPERATIVA, PERSOAL CORPORAL

### **Exercicio 5**

**Le o fragmento da obra *Unha casa con ruídos*, de Begoña Muñoz Saá, e sinala as afirmacións correctas.**

#### UNHA CASA CON RUÍDOS

##### **I.- A chegada**

(Verán. Casa vella. Vense parcial ou totalmente o salón-comedor e a cociña. Dúas portas comunican co resto das habitacións, outra é unha das saídas da casa. A un lado, unha escada leva á porta do faiado. A través das fiestras da cociña e do salón albíscase un gran encoro).

XIANA: (Mirando pola fiestra). Merda! (Botando unha ollada polo interior da casa). Merda, merda!

TEO: (Que estaba tentando inutilmente abrir a porta do faiado con distintas chaves, baixa pola escada). Nada! (A Xiana). Xa o curioseaches todo? Que che parece? (Xiana permanece en silencio mentres el segue revisando algún armario do salón. Atopa unhas zocas. Cólleas coas puntas dos dedos. Diríxese á cociña coa clara intención de botalas ao lixo). Pois eu, se che son sincero, pensei que aínda estaría peor.

XIANA: Ah! Podía estar peor!

TEO: É unha casa que leva deshabitada máis de corenta anos, nena, e aínda non atopamos nin unha soa arañeira. Que curioso!

XIANA: Aquí non vivirían nin as arañas!

TEO: Entendo. Non che gusta.

XIANA: Cheira mal. Cheira a vello, a podre. Cheira a morto...

TEO: Xiana...

XIANA: É verdade, papá! Dáme noxo. E ademais non hai luz, non hai cuarto de baño, non hai auga... A quen lle pode gustar unha casa así? (Ábrese a porta de fóra. A claridade do día entra con ímpeto canda ELSA, que leva unha máquina de fotos pendurada no pescozo).

ELSA: Que marabilla!, eh? Abride as fiestras! (Abre unha fiestra. Óese non moi lonxe unha cantariña, o lene randear das augas... Olor a camomila e menta poleo).

Que entre o recendo do exterior! Vistes? Un val de margaridas! E o tellado non está tan mal. En inverno haberá goteiras pero agora... E a lareira? Entrastes na lareira? Isto é magnífico, Teo. Foi unha decisión moi acertada. Un entorno así reconcilia a calquera co mundo. Este silencio, é un silencio tan, tan...

XIANA: Superespantoso?

ELSA: Superpuro, diría eu, transparente. Que pasa?

TEO: Está anoxada.

XIANA: Estou anoxada porque estou aburrida. É o colmo do aburrimiento!

ELSA: Máis ben creo que te aburres porque queres estar anoxada.

XIANA: Que podo facer aquí, dime? Non teño con quen xogar, nin sitios a onde ir. Aquí non hai nada de nada.

##### **Referente ás anotacións:**

Son sinxelas e claras, só conteñen a información necesaria

Están formadas, na súa maioría, por oracións simples e curtas

A función predominante é a representativa ou informativa, non a poética

Algunha anotación é de tipo sonoro

Non hai ningunha anotación referida ás accións dos personaxes (persoal operativa)

##### **Referente ós diálogos:**

Abundan as oracións exclamativas e interrogativas



Abudan as oracións simples e curtas

A lingua que empregan os personaxes concorda coas súas características

Nalgunhas intervencións de Xiana obsérvase certa ironía

**Referente ós personaxes:**

Xiana está a desgusto nesta casa

Xiana non atopa nada positivo na casa

Teo móstrase conforme; adopta unha posición intermedia entre o disgusto de Xiana e o entusiasmo de Elsa

Elsa está encantado co lugar

Elsa ten unha actitude moi positiva con respecto á casa e ó entorno

**Referente ó espazo e ó escenario:**

A acción desenvólvese dentro dunha casa vella

Sábase que a casa está nun entorno rural

Cando entra Elsa no escenario, acompañaa unha luz intensa

**Exercicio 6.**

**Despois de ver estes vídeos promocionais de diferentes obras teatrais, sinala o texto que se corresponde con cada vídeo**

VÍDEO: Falándolle a un espello (Compañía: Producións dispersas)

TEXTO: Un home descobre unha mañá que é o derradeiro habitante do planeta, o seu único compañeiro é un espello non demasiado conversador. Un novo mundo ó seu dispor cheo de oportunidades e retos preséntase ante el. Pronto as ausencias comezan a evidenciarse e as vellas rutinas substitúense por outras novas.

VÍDEO: A voar (Compañía: Sarabela teatro)

TEXTO: A Zoe sempre lle gustaron os paxaros, pero nunca imaxinou que papá deixaría de comer as súas deliciosas torradas para entregarse a unha dieta de moscas e vermes; emperrado en converterse nun deles. Papá quere voar cun par de ás que está construíndo as agachadas e con moita, moita fe. Todo acaba por complicarse cando na vila convocan un concurso de homes voadores e tía Greta chega á casa disposta a frear calquera disparate coas súas exquisitas empanadiñas.

VÍDEO: Tango (Compañía: Sarabela teatro)

TEXTO: A acción desenvólvese na casa dunha familia moi particular. A extravagante avoa Lilith e a tía Xena, aparentemente inofensiva, son as representantes da xeración máis vella. O pai, de nome Stomil e a nai, Eleanora, son artistas que pertencen a unha vangarda desaparecida, que se manifesta a favor da liberdade do individuo e que se comporta de xeito descoidadamente "informal". O fillo, Artur, e Ala, a súa moza, son os membros máis novos. Prepáranse para casar con toda a "pompa" e crear así unha nova familia. Porén, primeiro Artur cre que ten que ordenar o caos que impera ao seu redor. Tamén habita a casa un misterioso estranxeiro.

VÍDEO: Glass city. Cidade de cristal (Compañía: Teatro do Noroeste)

TEXTO: Franco chega á Coruña para veranear e, con el, varios ministros e altos cargos que visitan os bares da cidade ós que, por outro lado, acababan de chegar as máquinas de discos, que viñan cargadas con cancións de Elvis Presley...